



Concello de Viveiro

SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE AO DÍA VINTE E CATRO DE OUTUBRO DE 2016

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA

D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL

D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ

D. JESUS FERNANDEZ FERNÁNDEZ

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN DE FIRMA:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ Balsa RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 24 de outubro de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan a súa asistencia os concelleiros D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega e D. Emilio Villarmea Méndez.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS ANTERIORES.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación das actas das sesións celebradas os días 09-08-16, 23-08-2016 e 26-08-2016.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Por parte do Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

3.- LICENZA DE ANIMAIS PERIGOSOS

EXPTE. 3042/2016.- JOSE MANUEL COCIÑA FERNÁNDEZ.

Dáse conta do escrito de D. José Manuel Cociña Fernández, no que solicita a expedición da licenza municipal pola tenencia dun can, catalogado de raza perigosa, así como a súa inscrición no rexistro de animais potencialmente perigosos.

Vista a documentación presentada polo interesado, e resultando acreditada a raza do can, segundo a definición do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro .- Conceder a D. José Manuel Cociña Fernández, a licenza municipal pola tenencia dun can, catalogado de raza perigosa, polo período de cinco anos.

Segundo.- Inscibir no Libro rexistro de animais potencialmente perigosos o can de raza perigosa, propiedade de D. José Manuel Cociña Fernández, debendo comunicar ao Concello calquera incidencia dos datos referidos á titularidade do animal.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Secretaría, ao obxecto da expedición da correspondente licenza municipal, ficha identificativa individual e inscrición no rexistro de A.P.P, así como á Policía Local para o seu coñecemento.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

4.- CORRESPONDENCIA OFICIAL

EXPTE. 2973/2016.- FEGAMP, CIRCULAR CONVENIO TRANSPARENCIA

Dase conta do escrito da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a FEGAMP, no que comunica que o vindeiro día 10 de outubro de 2016 estará dispoñible o redeseño do Espazo de transparencia posto en marcha no mes de decembro de 2015, para facilitar un aproveitamento máis eficiente do mesmo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada.

5.- EXPEDIENTES CONTRATACIÓN

EXPTE. 2917/2016.- Aprobación da exposición pública dos proxectos incluídos no Convenio de colaboración da Deputación Provincial de data 30 de setembro de 2016.

Convenio Deputación Mellora de Infraestruturas

Vistos os Proxectos de obra, redactados polo arquitecto de obras municipal, D. Santiago Meitín Miguez, que se relacionan a continuación:

- “Reposición de firme en los caminos de acceso a la playa de Area en la parroquia de Faro-Viveiro”, redactado en outubro de 2016, por importe de 41.564,36 euros.
- “Reposición de firme en los viales de acceso ao colexio e igrexa parroquial de Covas”, redactado en outubro de 2016, por importe de 53.381,63 euros.
- “Pavimentación e reposición da rede de saneamento do tramo inicial do Camiño Real de Viveiro”, redactado en outubro de 2016, por importe de 24.965,02 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Expoñer ó público durante 20 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, os Proxectos de obra anteriormente referidos.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para o cumprimento do referido no punto primeiro.



Concello de Viveiro

EXPTE. 119/2016.- PROPOSTA RECTIFICACIÓN ACORDO XGL CUMPRIMENTO SUBVENCIÓN RÚA CEMITERIO CELEIRO.

Visto que en data seis de outubro de 2016 se adoptou acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación de certificación de obra.

Visto que o referido acordo di:

“(…)

Primeiro.- Aprobar a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "Reposición de firme en el vial denominado Rúa do cimiterio sito en el núcleo urbano de Celelro (Viveiro)", por importe de 54.450,00 euros, a abonar ó adxudicatario (Carferlo S.L.).

(…)”

Vista a proposta de Alcaldía de rectificación de erros, na que se sinala que:

“Tendo en conta a subvención concedida a este concello para o proxecto denominado “Reposición de firme no vial denominado “Rúa do Cemiterio” sito no núcleo urbano de Celelro (Viveiro)”

Visto o disposto no apartado 3. c) do artigo 15. Xustificación da subvención da Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 247, do 29 de decembro).

Resultando que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro, en data seis de outubro de dous mil dezaseis, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo que, literalmente transcrito, di:

Primeiro.- Aprobar a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "Reposición de firme en el vial denominado Rúa do cimiterio sito en el núcleo urbano de Celelro (Viveiro)", por importe de 54.450,00 euros, a abonar ó adxudicatario (Carferlo S.L.).

Tendo en conta que según o establecido no apartado 3. c) do artigo 15. Xustificación da subvención da citada Orde, na certificación no modelo do anexo V deberá constar que no acordo de aprobación da correspondente certificación de obra consta que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.

PROPOÑO:

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Concello de Viveiro

Que pola Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro se rectifique o acordo adoptado en data seis de outubro de dous mil dezaseis, facendo constar no mesmo que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención."

Resultando, que segundo o disposto na proposta de Alcaldía, de corrección de erros, o acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de outubro de 2016, non recolleu por erro a totalidade de puntos, que segundo a orde de subvención da obra debería recoller

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Modificar o acordo da XGL de data 6 de outubro de 2016, por contar cun erro de feito, quedando dito acordo do seguinte xeito:

"(...)

Primeiro.- Aprobar a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "Reposición de firme en el vial denominado Rúa do cemiterio sito en el núcleo urbano de Celelro (Viveiro)", por importe de 54.450,00 euros, a abonar ó adxudicatario (Carferlo S.L.), facendo constar que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.

(...)"

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación aos interesados, e a súa comunicación aos Departamentos de intervención e tesourería para a seu coñecementos e efectos.

6.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

EXPTE. 2937/2016. DEVOLUCIÓN DE FIANZA.

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D. Vicente Novo Cribeiro, en data 29 de xullo de 2016, co Nº de rexistro 5519, referente á fianza depositada mediante transferencia bancaria, que ascende á cantidade de 300,00 euros, para responder dos posibles danos que se pudiesen ocasionar no espazo público ó realizar os entroncamentos de auga potable en Pallaregas, Caseria, Covas, correspondentes ó expte 5/14.

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se indica que o espazo público quedou en perfectas condicións, polo que estima procede a devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Concello de Viveiro

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. Vicente Novo Cribeiro para responder ó expte 5/14, que ascende á cantidade de 300,00 euros, depositada no seu momento.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

EXPTE. 3124/2016.- AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. Benigna Seco Fresco, e domicilio en Xunqueira, nº 29-4^ºE, Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal .
Capacidade económica da persoa usuaria:	>150%<200% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. Benigna Seco Fresco, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

EXPTE. 2951/2016. AXUDA NO FOGAR

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. María Dolores Salgueiro Gabeiras, e domicilio en Vilar, nº 1, Galdo, Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>200%<250% IPREM
Aportación económica:	40%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	60%

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Segundo evolución do estado de saúde.
Disponibilidade de alta efectiva oou paso a lista de agarda:	Alta efectiva por vía de urxencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. María Dolores Salgueiro Gabeiras, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva mediante vía de urxencia, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

EXPTE. 2952/2016. AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. Consuelo Díaz Pérez e domicilio en Misericordia, nº 48-1^ºA, en Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>80%<150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	3 horas semanais
Revisión do mesmo:	Anual.
Disponibilidade de alta efectiva oou paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. Consuelo Díaz Pérez, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

7.- PROPOSTAS DE GASTOS

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a

Concello de Viveiro

existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 2139/2016.-EXPTE. 2593/2016.- EXPTE. 2633/2016.- EXPTE. 2659/2016.- EXPTE. 2843/2016.- EXPTE. 2844/2016.- EXPTE. 2845/2016.- EXPTE. 2846/2016.-EXPTE. 2894/2016.- EXPTE. 2953/2016.- EXPTE. 2967/2016.- EXPTE.3052/2016.- EXPTE. 3056/2016.- EXPTE. 3057/2016.- EXPTE. 3059/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobación dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

PUNTOS INCLUIDOS NA ORDE DO DÍA POR URXENCIA.

Por parte da Alcaldía propónse a inclusión na presente sesión da Xunta de Goberno Local, de varios asuntos de carácter urxente:

- Aprobación de dous expedientes de contratación: Obra “Pavimentación e servizos na rúa Irmáns Vilar Ponte no tramo entre Luis Trelles e a Plaza de Juan Donapetry”, e contrato de subministro “Subministración de dous vehículos para a brigada de obras do Concello de Viveiro”; o primeiro en base a que se trata dunha obra subvencionada e que debe xustificarse a súa execución antes do remate do ano en curso e o segundo debido á necesidade urxente dos vehículos polo mal estado e inutilidade actual dos existentes.
- Aprobación da certificación da obra “Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga na rúa Rego das Frores” e resolución do expediente de imposición de penalidades por demora no prazo de execución, que reviste carácter urxente pola inminencia do remate do prazo de xustificación da subvención.
- Recoñecemento e liquidación de obrigas que precisan da urxente aprobación para a xustificación de subvencións. (desbroce mecanizado, prevención de incendios-motobomba e extinción de incendios-brigada contra incendios).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a urxencia dos asuntos propostos pola Alcaldía para a inclusión na presente sesión, asuntos que se relacionan a continuación, segundo o expediente ao que pertencen:

EXPTE. 984/2016.- Aprobación do Expediente contratación da obra “Pavimentación e servizos na rúa Irmáns Vilar Ponte no tramo entre Luis Trelles e a Plaza de Juan Donapetry”.



Concello de Viveiro

Visto o expediente de contratación CT 2016/12, (expte. 984/2016) correspondente á tramitación do contrato mediante procedemento negociado sen publicidade da obra denominada “Pavimentación e servizos na rúa Irmáns Vilar Ponte no tramo entre Luis Trelles e a Plaza de Juan Donapetry”.

Visto o informe da Secretaría Xeral e a conformidade de Intervención, no que se sinala, entre outros aspectos, que debe contarse previamente á tramitación do expediente de contratación con todas as autorizacións sectoriais necesarias.

Visto que o expediente conta, na presente data, con todas as autorizacións sectoriais necesarias, recollidas no proxecto da obra: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e Augas de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto da obra “Pavimentación e servizos na rúa Irmáns Vilar Ponte no tramo entre Luis Trelles e a Plaza de Juan Donapetry”, redactado polo arquitecto de obras en xuño de 2016, e cun orzamento de execución por contrata de 96.000,00 euros.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación “Pavimentación e servizos na rúa Irmáns Vilar Ponte no tramo entre Luis Trelles e a Plaza de Juan Donapetry”, cun orzamento total de 96.000,00 euros, IVE incluído, cun prazo de duración de dous meses, así como a aprobación do gasto.

Orzamento base	21% IVE	Orzamento Total
66.671,29 €	6.661,16 €	96.000,00 €

Cuarto.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares polo sistema de procedemento negociado sen publicidade de carácter urxente.

Quinto.- Nomear como director da obra ao arquitecto de obras municipal, Santiago Meitín Míguez.

Sexto.- Solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de tres días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula dezaseis do prego de cláusulas administrativas particulares, do que se lles adxunta copia:

- CALFERLO, S.L. Xove (Lugo).
- EXCAVACIONES ISIDORO, S. L. Burela (Lugo).
- EXCAVACIONES RAMSEI, S. L. Foz (Lugo).
- VILLASUSO ORTEGAL, S.L. Ortigueira (A Coruña).

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Sétimo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión e comunicación do presente acordo ó Departamento de Intervención.

EXPTE. 3162/2016.- Aprobación do Expediente contratación do suministro “Subministración de dous vehículos para brigada de obras do Concello de Viveiro”

Visto o expediente de contratación CT 2016/9, correspondente á tramitación do contrato mediante procedemento negociado sen publicidade do contrato de suministro denominado “Subministración de dous vehículos para brigada de obras do Concello de Viveiro”.

Vistos os informes da Secretaría Xeral, coa conformidade de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación “Subministración de dous vehículos para brigada de obras do Concello de Viveiro”, e o gasto, cun orzamento total de 43.000,00 euros, IVE incluído, e o desglose en dous lotes, do seguinte xeito:

LOTE 1: CAMIÓN, cun orzamento de 35.000,00 euros, IVE incluído.

LOTE 2: VEHÍCULO (furgón), cun orzamento de 8.000,00 euros, IVE incluído cun prazo de duración dun mes.

O prazo de entrega establecido no prego de cláusulas administrativas particulares establécese en quince días.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares polo sistema de procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente, e os pregos de prescricións técnicas.

Terceiro.- Solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de cinco días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula décimo novena do prego de cláusulas administrativas particulares, do que se lles adxunta copia:

- BUGAS Y VIDAL S.L., Avda. Castelao, 26 baixo, 36860 Ponteareas (Pontevedra).
- GRUPO JUNQUERA, Avda. de Rubianes, 82, 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
- TALLERES SAN LÁZARO S.L., San Lázaro, 11, 27850 Viveiro (Lugo).
- FERSÁN VIVEIRO S.L., Landrove, s/n, 27850 Viveiro (Lugo).

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión e a comunicación do presente acordo ao Departamento de Intervención.

EXPTE 100/2016. CERTIFICACIÓN DE OBRA E RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR DEMORA NO CUMPRIMENTO DO PRAZO.

A.- Vista a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e saneamento de auga na rúa Rego das Frores", por importe de 94.734,26 euros, a abonar ó adxudicatario (Carferlo S.L.), fiscalizada de conformidade por intervención, fiscalización na que se fai constar que se debe ter en conta a resolución do expediente por demora no cumprimento do prazo de execución.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e saneamento de auga na rúa Rego das Frores", por importe de 94.734,26 euros. Debe terse en conta a resolución do expediente por demora no cumprimento do prazo de execución.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Contratación para o seu coñecemento e efectos.

B.- Visto que en data 6 de outubro de 2016 se adoptou pola XGL acordo de incoación de expediente en base a disposto no artigo 212 TRLCSP para a imposición de penalidades ao contratista por demora no prazo de execución da obra.

Vista a proposta da Alcaldía de resolución do expediente, que di:

"(...)

Resultando que en data 6 de outubro de 2016 pola Xunta de Goberno Local se adoptou acordo de incoación de expediente á empresa Carferlo S.L., adxudicataria da obra "Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga na rúa Rego das Frores", en base ao disposto no artigo 212.4 do TRLCSP aos efectos de determinar se a demora no cumprimento do prazo do contrato resulta imputable ao contratista e polo tanto procede a imposición de penalidades.

No acordo de incoación de expediente determinouse conceder un prazo de alegacións ao contratista de 10 días hábiles, indicando que en virtude do disposto no artigo 76 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá presentar alegacións e aportar

Concello de Viveiro

documentos ou outros elementos de xuízo en calquer momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia.

Así mesmo tamén se acordou requerir ao contratista para que nun prazo máximo de 5 días hábiles se informe a esta Administración se ten coñecemento da data de entrega do proveedor do material necesario para poder proceder á realización das obras correspondentes ao capítulo 3 do proxecto, e polo tanto poder coñecer en que momento poden verse rematadas ditas obras.

Resultando que en data 21 de outubro de 2016 se presenta escrito por parte da empresa adxudicataria da obra no que se informa que recepcionado o material directamente dependente da demora sufrida no remate da obra a media tarde o mércores 19 de outubro, procederon á instalación das luminarias en obra o xoves 20 de outubro, rematando coa execución dos traballos correspondentes aos apartados 3.4, 3.2 e 3.5 do proxecto, quedando a obra totalmente executada.

Tendo en conta que, segundo consta no acordo de incoación de expediente, produciuse unha demora no remate das obras, independentemente das referidas ao Capítulo 3 “alumeado público” do proxecto. Segundo a documentación que obra no expediente, a total execución das obras, agás o capítulo referido, tivo lugar o 4 de outubro, rematando o prazo de execución o 29 de setembro, o que supón unha diferenza no remate das obras de tres días de traballo.

O TRLCSP establece, no artigo 215, que a execución dos contratos se realizará a risco e ventura do contratista, sen prexuízo dos supostos de forza maior establecidos no artigo 231. A lei establece como premisa necesaria que a demora ou incumprimento sexa imputable ao contratista, polo que debe constar a existencia de proba neste sentido.

O contratista alega no escrito presentado en data 4 de outubro que a demora no remate das obras ata o día 4 (a excepción do capítulo 3), veu condicionada por paróns derivados da empresa funeraria que se atopa na rúa, motivo que non pode considerarse non imputable ao contratista, posto que se entende que entra dentro do risco e ventura do contrato.

Consta no expediente escrito presentado polo contratista en data 24 de outubro, complementario ao de data 21 de outubro, no que se asume como responsabilidade da empresa a demora no remate das obras executadas ata o 4 de outubro.

Tendo en conta o establecido no artigo 212 do TRLCSP e no prego de cláusulas administrativas particulares, a penalidade diaria por demora ascende a 0.20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Tanto doctrinal como xurisprudencialmente considérase que a penalidade ten a finalidade coercitiva de cumprimento do contrato, non resultando potestativa para o Concello a súa imposición, senón que simplemente pode optar entre imponer penalidades ou resolver o contrato. Tampouco debe influir na súa imposición que a obra xa se atope rematada nin recepcionada no momento da súa imposición.

Tendo en conta que o prezo do contrato ascende a 94.734,26 euros (IVE engadido), o importe de penalidade diaria ascende a 18,95 euros, correspondendo impoñer penalidade polos días nos que se superou o prazo de remate da obra (imputables ao contratista), 5 días, ascendendo polo tanto o importe a 94,75 euros.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver o expediente en base ao disposto no artigo 212.4 do TRLCSP, impondo ao contratista a penalidade de 94,75 euros, pola demora no prazo de execución da obra imputable ao contratista.

Segundo.- Esta penalidade, segundo o disposto no artigo 212.8 do TRLCSP, deberá facerse efectiva mediante deducción das cantidades, que en concepto de pago deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía que se tivese constituido, cando non podan deducirse das referidas certificacións.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de contratación para a súa notificación ao interesado coa mención dos recursos que proceden e a súa comunicación aos departamentos de Tesourería e Intervención."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Resolver o expediente en base ao disposto no artigo 212.4 do TRLCSP, impondo á empresa contratista, Carferlo S.L. a penalidade de 94,75 euros, pola demora no prazo de execución da obra imputable ao contratista.

Segundo.- Esta penalidade, segundo o disposto no artigo 212.8 do TRLCSP, deberá facerse efectiva mediante deducción das cantidades, que en concepto de pago deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía que se tivese constituido, cando non podan deducirse das referidas certificacións.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Contratación para a súa notificación ao interesado coa mención dos recursos que proceden e a súa comunicación aos departamentos de Tesourería e Intervención.

EXPTE. 3238/2016. RECOÑECEMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 3238/2016.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

8.- ROGOS E PREGUNTAS

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:15 horas do día 24 de outubro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.